

## BASES A MIÑA AVOA \_ RIANXO

1. Repártense varias entrevistas personalizadas sobre a avoa Euxenia nos establecementos asociados á campaña.

Cada comercio daralle ao seu cliente unha pista por unha compra sen importe mínimo.

O cliente terá que conservar o ticket.

Cada entrevista ten oculta unha pista que nos indica o lugar onde está escondido o tesouro.

2. Os lugares onde están ocultos os tesouros son sempre lugares públicos e ao aire libre.
3. O que atopará a persoa que localice o tesouro será unha cartolina tamaño tarxeta de visita coa mensaxe: "Parabéns, vale de 100€"

4. Unha vez localizado o premio, a persoa ten que enviar unha foto do lugar onde o atopou; se quere, poderá saír nela a persoa que fixo o descubrimento.

A foto enviarase por Whatsapp ao número de teléfono 639 317 255.

Esa foto poderá ser publicada nas redes sociais do Concello de Rianxo.

Tamén teñen que achegar dúas fotos máis: unha do ticket polo cal lle deron a pista e outra da pista.

5. Aos poucos días de enviar a foto, a empresa que xestiona os premios poñerase en contacto a través de teléfono para proceder a indicarlle os pasos da aplicación pola que poderá trocar o premio.
6. Os premios de 100€ só se poderan consumir no comercio local e na hostalería de Rianxo (locais que estean asociados á campaña).  
Pode consultar a listaxe na web do Concello de Rianxo.
7. A data límite para gastar os premios é o 15 de agosto.
8. A participación no xogo *A miña avoa* implica automaticamente a aceptación das bases.